

# LIGA GALEGA DE NATACIÓN INFANTIL

Tempada 2008 - 2009 - Circular 08-17

## 1.- Organización, datas e sedes

- 1.1.- A liga galega categoría INFANTIL celebrarase en catro xornadas, dúas de carácter local e dúas zonal (2da. e 4ta.).
- 1.2.- Cada xornada levarase a cabo nunha sesión, que comezará ás 11.00 horas se é matinal e ás 17.30 horas se se celebra pola tarde.
- 1.3.- Polo menos unha hora antes do inicio de cada sesión, a piscina deberá estar a disposición dos nadadores para efectuar o quecemento.
- 1.4.- As datas serán as que figuran no calendario.
- 1.5.- A competición celebrarase en piscinas de 25 ou 50 metros.

## 2.- Programa de probas

Xornada 1	Xornada 2	Xornada 3	Xornada 4
1. 100 estilos mas	9. 200 estilos mas	19. 400 libre mas	27. 400 estilos mas
2. 100 estilos fem	10. 200 estilos fem	20. 800 libre fem	28. 400 estilos fem
3. 1500 libre mas	11. 50 libre mas	21. 200 braza mas	29. 100 bolboreta mas
4. 400 libre fem	12. 50 libre fem	22. 200 braza fem	30. 100 bolboreta fem
5. 100 costas mas	13. 200 bolboreta mas	23. 100 libre mas	31. 200 libre mas
6. 100 costas fem	14. 200 bolboreta fem	24. 100 libre fem	32. 200 libre fem
7. 100 braza mas	15. 200 costas mas	Descanso	Descanso
8. 100 braza fem	16. 200 costas fem	25. 4 X 200 libre mas	33. 4 X 100 estilos mas
	Descanso	26. 4 X 200 libre fem	34. 4 X 100 estilos fem
	17. 4 X 100 libre mas		
	18. 4 X 100 libre fem		

\*A primeira xornada so poderá celebrarse en piscina de 25 m.

Realizarase un descanso de cinco minutos antes das probas de remudas.

## 3.- Participación

3.1.- O presente regulamento está destinado ás seguintes categorías:

Masculino: nados 1993-1994-1995

Feminino: nadas 1995-1996

3.2.- Cada nadador poderá participar en dúas probas individuais e unha remuda como máximo en cada xornada.

3.3.- Cada club poderá inscribir o número de nadadores que desexe en cada proba, coas seguintes excepcións:

- Nas probas de 400 libre e 400 estilos, o número de series non poderá exceder de 5, e nas probas de 800 e 1500 libre o número de series non poderá exceder de 3.

- Se o número de nadadores inscritos fose superior ao número de nadadores admitidos, inscribíranse inicialmente os 4 nadadores con mellores marcas de cada club, completándose o resto cos demais nadadores inscritos con mellores marcas acreditadas, independentemente do club ao que pertencen.

3.4.- Cada club poderá presentar os equipos de remudas que desexe en cada xornada.

#### 4.- Inscripcións

4.1.- Realizaranse empregando a base de datos ou modelo correspondente á competición de que se trate e serán remitidas á FEGAN por correo electrónico ([inscripciones@fegan.org](mailto:inscripciones@fegan.org)). Xunto co devandito ficheiro remitirase, no mesmo correo, a "acta de preinscripción" que o propio programa xera en formato pdf (preferible) ou word.

4.2.- As inscricións deberán obrar en poder da FEGAN antes das 20.00 horas do martes anterior á celebración da xornada correspondente, sendo responsabilidade do club que realiza a inscrición asegurarse da súa recepción.

#### 5.- Fórmula de competición

5.1.- Todas as probas disputaranse contra o reloxo.

5.2.- A puntuación realizarase na sede da FEGAN, a partir da clasificación xeral da liga. Nesta clasificación non se terán en conta a conversión dos resultados realizados en piscina de 50 metros.

5.3.- Para os efectos de puntuación só se terá en conta como máximo catro nadadores por club en cada proba individual e un equipo de remudas, con independencia dos que participasen.

5.4.- A puntuación nas probas individuais será: 27, 24, 22, 21, 20, 19, 18, 17, 16, 15, 14, 13, 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1.

5.5.- A puntuación nas probas de remudas será: 54, 48, 44, 42, 40, 38, 36, 34, 32, 30, 28, 26, 24, 22, 20, 18, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4, 2

5.6.- No suposto de que un club teña clasificados máis de catro nadadores na mesma proba só puntuarán os catro primeiros. Os clasificados despois non serán puntuados, adxudicándose a súa puntuación ao seguinte da clasificación que non sexa dese mesmo club. Do mesmo xeito, nas probas de remudas só se terá en conta para os efectos de puntuación un equipo por club.

#### 6.- Clasificacións e resultados

6.1.- Unha vez reunidos todos os resultados de cada sede faranse as seguintes clasificacións:

a) Total masculina en probas individuais máis as remudas.

b) Total feminina en probas individuais máis as remudas.

c) Total conxunta, suma das anteriores. Para figurar nesta clasificación será necesario ter puntuado nalgunha proba individual ou de remudas.

6.2.- As clasificacións anteriores serán realizadas na FEGAN, para o cal os clubs organizadores deberán remitir os resultados de cada sede á FEGAN á maior brevidade posible, como máximo deberán estar na federación o martes seguinte á celebración da competición.

6.3.- Os resultados remitiranse á FEGAN a través de correo electrónico ([resultados@fegan.org](mailto:resultados@fegan.org)).

#### 7.- Títulos e premios

7.1.- Entregarase un trofeo o club que conseguise a maior puntuación, atendendo á alínea c) do punto 6.1 sendo proclamado Campión da Liga Galega de Natación Infantil.

AGRUPACIÓN DE CLUBS PARA AS XORNADAS ZONAI S DA LIGA GALEGA DE NATACIÓN NFANTIL

TEMPADA 2008-2009

2ª XORNADA

Grupo 1	Grupo 2	Grupo 3	Grupo 4
CNCORUÑA BANCO GALLEGO	CNFERROL ELINCO	CNGALAICO SERCOYSA	RCNVIGO
CMARINA FERROL	ECOLOGICAL F CARBALLO	CNPOURENSE	CNRIVEIRA MAR DE COUSO
ADNNARON	CN AS PONTES	CNLALÍN	CNPONTEVEDRA
CFLUGO	CNCEDEIRA MUEBLES C GARCIA	CNMONFORTE	CNREDONDELA
C LEYMA N ARTEIXO	CNXOVE	CN VILAGARCÍA	CTCODESAL
CNALBATROS	CNSANTIAGO	GOLFINOS CN PORRIÑO	CNPONTEAREAS
C DEL MAR	USC	CN SANXENXO	CNPADRÓN
CNPORTAMIÑÁ LUGO			CNSALNÉS
CNARZUA			CNMOS

4ª XORNADA

Grupo 1	Grupo 2	Grupo 3	Grupo 4
CNCORUÑA BANCO GALLEGO	ECOLOGICAL F CARBALLO	GOLFIÑOS CN PORRIÑO	CNPOURENSE
C LEYMA N ARTEIXO	CN SANTIAGO	CNREDONDELA	CN MONFORTE
CNALBATROS	USC	CTCODESAL	FLUVIAL DE LUGO
C DEL MAR	C MARINA FERROL	CNPONTEAREAS	CN LALÍN
CNFERROL ELINCO	CNPORTAMINÁLUGO	CNGALAICO SERCOYSA	CN PONTEVEDRA
CNCEDEIRA MUEBLES C GARCIA	ADNÁUTICO NARÓN	CN VILAGARCÍA	CN RIVEIRA MAR DE COUSO
CNXOVE	CN AS PONTES	CN SANXENXO	CN PADRÓN
	CNARZUA	RCNVIGO	CN SALNÉS
		CNMOS	

A Coruña, 27 de Xuño de 2008

Secretaría Xeral FEGAN